



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA  
28 DE MAIO DE 2009.-**

<b>Sres. Asistentes:</b> <b>Sr. Alcalde:</b> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo.	No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e tres minutos do día vinte e oito de maio de maio de dous mil nove, previa convocatoria e citación ó efecto, reúñese o concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.
<b>Sres. Concelleiros:</b> D. FRANCISCO GARCIA PREGO. D. JOSE SALVADOR FERREIRO MONTENEGRO. Dª ANA MARIA FERNANDEZ COIRA. Dª VICTORIO MONTENEGRO PAZ. D. JOSE MANUEL CENDAN FERNANDEZ. D. FRANCISCO ECHEVARRIA LAGE. D. FERNANDO OTERO PRIETO. Dª JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. Dª MERCEDES GRANDE REGUEIRO. D. MANUEL RODRIGUEZ DOVAL. Dª BELEN ABEAL PEREZ. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ.	Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:
<b>SR. SECRETARIO:</b> D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ.	

**Punto núm. 1.- DAR CONTA DA FIRMEZA SENTENZA XULGADO CONTENCIOSO  
ADMINISTRATIVO NÚM. 1 DE FERROL DE 17-03-09.-**

Dada conta da Sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol de data 17 de marzo de 2009, na que se emite o seguinte **FALLO**:

**"DECLARO LA INADMISIBILIDAD DEL RECURSO** contencioso-administrativo interpuesto por DOÑA ASUNCION GONZALEZ ANSOLEAGA, en relación con la resolución del AYUNTAMIENTO DE ARES de fecha 24 de agosto de 2007 por la que se desestima el recurso de reposición interpuesto por Doña Asunción González Ansoleaga contra la resolución de 26 de junio de 2007 por la que se aprueba la lista de contrataciones de 10 plazas de Auxiliar de Ayuda a Domicilio, sin hacer especial pronunciamiento sobre las costas del procedimiento."

O Concello Pleno dase por enterado.

**Punto núm. 2.- DAR CONTA DA FIRMEZA DO PROCEDIMENTO ORDINARIO 0008050/2006  
XUSTIPREZO PASEO MARÍTIMO.-**



# CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

Dase conta do escrito do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 30 de Abril de 2009, polo que se Declara firme a sentencia dictada no procedimento Ordinario 0008050/2006, Xustiprezo Paseo Marítimo.

O Pleno do Concello dase por enterado.

## Punto núm 3.- DAR CONTA DA SENTENZA DO TSXG DE 08-04-09, "CONSTRUCCIONES GILDO E HIJOS SL".

Dada conta da Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 8 de Abril de 2009, na que se dicta o seguinte FALLO:

**"FALLAMOS:** Que debemos **ESTIMAR Y ESTIMAMOS** el recurso interpuesto por el Procurador de los Tribunales D. SUSANA PRIETO VIEITO, en nombre y representación de **CONSTRUCCIONES GILDO E HIJOS S.L.**, contra la inactividad municipal por el impago de las obras realizadas por la recurrente y **CONDENANDO** al Ayuntamiento de Ares a que abone a la actora la cantidad de 2207,47 Euros, correspondientes a intereses por el retraso en el abono de la certificación de obra de 3/10/2001, incrementada en el interés legal desde la fecha de interposición de la demanda (26 de febrero de 2003) hasta su completo pago, con expresa imposición de costas al Ayuntamiento demandado.

La presente sentencia no es susceptible de recuso ordinario de casación, al no alcanzar la cuantía que para su admisión establece el art. 86.2 de la LRJCA."

O Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

## Punto núm. 4.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2008.-

Dada conta da Resolución da Alcaldía de data 28 de febreiro de 2009, que seguidamente se transcribe:

"Visto o informe emitido pola Secretaria Intervención, no uso das atribucións que me confire no artigo 191.3 do R.D.L 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

### **RESOLVO:**

1º.- Aproba-la liquidación do presupuesto de 2008, que ofrece o seguinte resultado presupuestario:

A) Operacións correntes		
Dereitos recoñecidos netos		3.741.408,09
Obrigacións recoñecidas netas.		-4.304.554,22
B) Operacións correntes non financeiras		



# CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

Dereitos recoñecidos netos	2.303.667,18
Obrigacións recoñecidas netas	-3.343.151,09
<b>1.</b> Total operación non financeiras (a+b)	
Dereitos recoñecidos netos	<b>6.045.075,27</b>
Obrigacións recoñecidas netas.	<b>-7.647.705,31</b>
<b>2.</b> Activos fiancieiros.	
Dereitos recoñecidos netos.	0,00
<b>3.</b> Pasivos financieiros.	
Dereitos recoñecidos netos.	852.770,89
Obrigacións recoñecidas netas.	-88.416,45

## CALCULO RESULTADO PRESUPOSTARIO DO EXERCICIO.

Dereitos recoñecidos netos	6.897.846,16
Obrigacións recoñecidas netas.	-7.736.121,76
<b>RESULTADO PRESUPOSTARIO.</b>	<b>-838.275,60€</b>

## AXUSTES:

<b>4.</b> Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para	
Gastos xerais...	659.695,48 €
<b>5.</b> Desviacións de financiación negativas do exercicio	951.329,81 €
<b>6.</b> Desviacións de financiación positivas do exercicio.	1.351.035,25 €
-	259.990,04 €

<b>RESULTADO PRESUPOSTARIO AXUSTADO.</b>	<b>-578.285,56 €</b>
--	----------------------

2º Enviar copia da liquidación do presupuesto á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma, de conformidad có disposto no artigo 193.5 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

3º.- Dar conta ó Pleno.

O manda e firma o Sr. Alcalde-Presidente, en Ares a vinte e oito de febreiro de dous mil nove."

O Concello Pleno dase por enterado.

## Punto núm. 5.- RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA 13-05-09 “PLAN CONCERTADO”.-

Vista a Orde do 1 de Abril de 2009, (D.O.G. nº 76 do 21 de Abril do 2009) pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao



# CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais, e tendo en conta as atribucións que me confire o art. 21 da Lei 57/2003 do 16 de decembro de 2003 e a Lei 11/1999 do 21 de Abril de modificación da Lei 7/85 de 2 abril, Reguladora das Bases do Régime Local, pola presente

## VEÑO EN RESOLVER:

**PRIMEIRO.**- Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar Social, ao abeiro da orde expresada, as seguintes axudas para Servicios Sociais de Comunitarios, de conformidade co artigo 4, apartado. 1 da orde:

### RETRIBUCION DO persoal adscrito aos servizos sociais:

Traballo/a Social (2)	39.016,66€
-----------------------	------------

Director/a coordinador/a	
--------------------------	--

T. Gr. Medio- Educadora Familiar.	7.505,74.-
-----------------------------------	------------

T. Gr. Superior	
-----------------	--

Aux. Administrativo/a.	
------------------------	--

Ordenanza/limpiador/a	
-----------------------	--

### MANTEMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL:

Desprazamento do persoal técnico	500 €
----------------------------------	-------

Formación Continua do persoal técnico.	500 €
--	-------

Funcionamento de centro directa e inmediatamente destinados á prestación de servizos a persoas usuarias (albergues, casas de acollida, vivendas comunitarias, centros ocupacionais ....)

### AXUDA NO FOGAR.

Prestación básica	17.128,84 €
-------------------	-------------

SAAD	102.600 €
------	-----------

### XESTIÓN E REALIZACIÓN DE PROGRAMAS SOCIAIS COMUNITARIOS.

Básicos.	16979,25
----------	----------



# CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

## Específicos

(Actuacións prioritarias Anexo XI).

### INVESTIMENTO DE CAPITAL.

Adquisición de inmobilios.

Construcción de nova planta.

Reforma, ampliación, mellora ou acondicionamiento de edificios e instalación.

Accesibilidade e supresión de Barreiros.

Equipamento mobiliario.	14.424,72
-------------------------	-----------

Facendo constar que os Servizos Sociais Comunitarios séguense a prestar nas mesmas condicións que o ano anterior.

**SEGUNDO:** O Concello comprométese a consignar no seu orzamento as contías correspondentes á súa achega, da seguinte maneira:

PERSOAL	94.693,47
MANTEMENTO	500
AXUDA NO FOGAR	56.089,03
REALIZACIÓN DE PROGRAMAS	9.659,75
INVESTIMENTO	4.808,24

**TERCEIRO:** En consecuencia O ORZAMENTO TOAL por programas e investimento para Servizos Sociais Comunitarios é o seguinte:

### 1.- PERSOAL

ACHEGA DA C. AUTONOMA	39.016,66
ACHEGA DA C. LOCAL.	94693,47
REMANENTE.	0
TOTAL PARCIAL	133710,13



# CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

## 2. MANTEMENTO

ACHEGA DA C. AUTONOMA	1000
ACHEGA DA C. LOCAL.	500
REMANENTE	0
TOTAL PARCIAL.	1500

## 3.- AXUDA NO FOGAR.

ACHEGA DA C. AUTÓNOMA.	119.728,84.
ACHEGA C. LOCAL	56.089,03
REMANENTE	0
TOTAL PARCIAL.	175.817,87

## 4.- REALIZACION DE PROGRAMAS

ACHEGA DA C. AUTONOMA.	16979,25
ACHEGA DA C. LOCAL.	9659,75
REMANENTE	0
TOTAL PARCIAL.	26.639

## 5. INVESTIMENTO

ACHEGA DA C. AUTONOMA	14.424,72
ACHEGA DA C. LOCAL	4808,24
REMANENTE	0
TOTAL PARCIAL.	19.232,96

**CUARTO:** Dar conta ó Pleno na próxima sesión que se celebre.

Así o acorda e dispón o Sr. Alcalde Don Julio Ignacio Iglesias Redondo, en Ares a trece de maio de dous mil nove."



Interven a Sra. Abeal Pérez: Bos días a todos e a todas, dende o BNG esperamos que se teña en conta a petición que presentamos na Comisión, e como xa insistimos noutro Pleno anterior, na necesidade de cubrir, o máximo de horas concedidas ós usuarios incluindo sábados e domingos, tanto nos horarios de maña como de tarde, recomendamos tamén un axuste no persoal se fai falla para que se cubran estas necesidades, esperamos que se tivera en conta para facer o Plan Concertado, tamen pedimos a compra do material necesario para o servicio, como camas, grúas e aseos persoais, canto máis se teña dese material, sobre todo para casos puntuais como urxencias, moito mellor para o Concello, tamén pedimos que se fixera, algún tipo de charlas de técnicas de atención a enfermos encamados destinadas a familiares, pensó que é os familiares teñen que sufrir moito cas familias, que se involucren no coidado das familias, pero tamén é necesario que reciban algún tipo de técnicas, para que sufren menos tanto os encamados como os familiares, sin máis esperando que tiverades en conta todas as nosas suxerencias vamos a votar a favor o Plan Concertado.

Interven o Partavoz do Grupo Municipal do P.P. Sr. Manuel Cendán Fernández: Bos días, dicir que nos xa lle dimos o visto bo ó Plan Concertado, e algunas suxerencias que fixera o BNG tamén estábamos de acordo que se recolleran no texto, e vamos a darlle o visto bo.

Acto seguinte intervén o Voceiro de NAL Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando que esto ven cun dictame favorable da Comisión Informativa que se debateu nas propostas, e simplemente dicir que o seu voto vai a ser en sentido favorable.

Rematado o debate sometese a votación a ratificación da Resolución da Alcaldía de data 13 de maio de 2009, pola que se aproba o Plan Concertado, e o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación, e en consecuencia procede-la súa ratificación.

#### **CONTROL E FISCALIZACIÓN ORGANOS DE GOBERNO.-**

#### **Punto núm. 6.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNNS DICTADAS POLA ALCALDÍA PRESIDENCIA DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.-**

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resoluciónns adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril.



O Sr. Alcalde, manifesta que según se vaian facilitando de Tesourería as Resolucóns virán a Pleno.

O Concello Pleno dase por enterado.

**Punto núm. 7.- MOCIÓN E PROPOSTAS.****a) Moción do BNG sobre o 17 de maio en Defensa do Idioma Galego.**

Resulta evidente que o proceso de normalización de usos do galego foi lento e, até hoxe, insuficiente para garantir o dereito a vivir na nosa lingua. O respecto á legalidade vixente (Estatuto e Lei de Normalización Lingüística) e a implementación de cambios legáis na dirección da igualdade e da convivencia semellan non ir na dirección daqueles que áinda ponen proa ao dereito fundamental para que o galego goce no seu territorio do mesmo status legal que o castelán no seu.

Asistimos nos últimos tempos a unha situación esperpéntica, por canto existen sectores - políticos e mediáticos- que pretendan trasladar á opinión pública a idea de que o idioma castelán corre perigo en Caliza por mor da suposta discriminación a que se ven sometidas as persoas que falan nesta lingua.

Mentres tanto, a realidade é claramente á inversa: non so non gozamos dunha realidade que permita a existencia e normalidade dos usos do noso idioma no día a día, senón que ademáis resulta evidente un proceso de confusionismo que pretende que as persoas galegofalantes non teñan dereitos lingüísticos, e que os únicos deberes para as administracións públicas queden referenciados ao uso do castelán. Na práctica, estamos na negación da igualdade e convivencia entre as dúas linguas.

De feito, un contundente informe do Consello de Europa elaborado a fináis do pasado ano, advertía que no noso País non se están a dar garantías para o uso normal do galego en sectores tan importantes como a educación, a xustiza, os servizos públicos ou os medios de comunicación; incumpríndose de feito os tratados internacionais sobre dereitos lingüísticos. Na mesma liña, un recente informe da Real Academia Galega sinala que en doce anos reduciuse á metade a cantidade de persoas que falan habitualmente en galego.

Acreditamos que compete ao pobo galego, a través das súas institucións representativas, definir a política lingüística acorde co criterio de cooficialidade e de lingua propia que mesmo o actual Estatuto reconoce para o noso idioma; exixindo das institucións de autogoberno a defensa da igualdade plena de dereitos para o galego e a aplicación de medidas a favor da normalización dos seus usos.

Non obstante, estamos a escoitar declaracóns de persoas con cargos de alta responsabilidade no novo Gobernó Galego que suponen un ataque contra do galego e mesmo poden suponer un perigo de confrontación e de fractura social; á marxe de ir contra de acordos unánimes do



Parlamento Galego, nomeadamente contra o recollido no artigo 5 do Estatuto de Autonomía, que sinala o galego como lingua propia de Caliza e a obriga dos poderes públicos de potenciala nos diferentes ámbitos de uso.

Por isto, é polo que solicitamos do Pleno do Concello de Ares a adopción dos seguintes

**ACORDOS:**

- 1. Manifestar a vontade da nosa Corporación municipal na defensa da nosa lingua e específicamente, nos acordos unánimes adoptados polo Parlamento Galego para instrumentar as medidas de normalización do galego nos diversos ámbitos sociais.**
- 2. Apoiar o “Manifesto pola convivencia lingüística e a igualdade de dereitos para o galego”.**
- 3. Secundar as campañas e iniciativas que se promovan en defensa do idioma galego e, concretamente a convocada para o vindeiro 17 de maio en Santiago de Compostela.”**

Interven o voceiro do BNG SR. Rodríguez Doval: Bo día, dunha maneira moi sintetizada, porque se entende cal é o espíritu, da proposta que nos trouxemos a Pleno, ainda que sería bo que cadrase o debate e incluso a votación co día das Letras Galegas, é secundario porque estamos diante dun tema que non afecta a un rito que é a celebración do día das Letras Galegas senón a un derecho fundamental que é a utilización do idioma, e sobre todo ó deber que teñen as institucións públicas que é o cumplir a Lei. Na exposición de motivos desta proposta faise referencia a unha situación que nos entendemos que é paradoxal, por canto mentras que todas as institucións de tipo científico como a propia Real Academia Galega, ou departamento do Consello de Europa fan unha chamada acerca do problema que teñen as linguas minorizadas como é o caso do Galego, no sentido de ir perdendo falantes, quero facer mención a este informe da Real Academia Galega, que fala que en doce anos se reduciu á mitade as persoas que falan habitualmente galego, eso quere dicir que en todo caso que o traballo que están a desenrolar os poderes públicos está fallando indudablemente, situación que é paradoxica na medida en que se abre posiblemente coincidindo coa proximidade das Eleccións Galegas un debate, no que parece ser que a situación era inversa, a lingua que tiña problemas neste país era o castelan, e que pouco menos deste as institucións se cortaba a cidadanía que quería utilizar o idioma, a posibilidade de poder facelo, neste sentido nos queremos facer referencia a unha preocupación que temos sobre as medidas que esta tomando o novo Goberno Galego, que rompe unha dinámica que a pesar das diferencias, que sempre caracterizaron no aspecto político as tres forzas, tanto o Partido Popular que daquela gobernaba, como o Partido Socialista como BNG, tivemos unha lei de Normalización Lingüística



desde o ano 83 que foi aprobada por unanimidade, e tuvemos por primeira un Plan moi amplio moi debatido, con moitísima participación e onde todos e todas fixeron opcións de introducción de cousas. Para nosa sorpresa estamos vendo que o novo Goberno plantexa como unha das cuestións fundamentais e ademáis dunha forma moi axil nese sentido, primeiro rachar o consenso que había como tema da lingúa, e especificamente o que se derivaba da lei de normalización lingüística, e do Plan Aprobado por unanimidade, no ano 2004 polas tres forzas políticas e ademáis facendo mención, rescato unha frase do Conselleiro de Educación, que hai unha semana atreveuse a dicir que ese acordo non vinculaba, que non era nada máis que unha serie de directrices e que se podía cumplir ou non, e como se dicimos que unha persoa que conduce no seu coche que lle vai mellor que en lugar de circular pola dereita, pois que lle gusta moito más circular pola izquierda, pois dicir que o Código de Circulación non é de obrigado cumprimento. En calquera caso o que nos pretendíamos con esa coincidencia, era redundar nunha declaración por parte desta Corporación, na defensa da nosa Lingua e especial na defensa dos acordos unánimes que se tomaron no Parlamento Galego, e facemos esto non porque nos pareza que hai que redunda no que xa esta, senón porque hai unha deriva do novo Goberno, no sentido de non cumplir os acordos tomados por unanimidade, e en segundo lugar apoiar o manifesto pola convivencia lingüística que se está expandido por toda Galicia desde o ano pasado, e que está sendo asinado por parte de todas as Institucións, e por parte de particulares. Retiramos o punto número na parte que se refire á convocatoria da manifestación o 17 de maio en Santiago de Compostela porque non ten ningún sentido, posto que xa se celebrou e sobraría aquí unha manifestación de apoio a algo que xa pasou. Se trata de manter a idea de que se secunden as campañas e iniciativas que se promovan en defensa do noso idioma dunha maneira xenerica e aquelas específicas que se poidan dar tanto no día da celebración das Letras Galegas como noutros momentos que non coincidan exactamente con eso. Reitero que nos o que queremos e a ratificación en algo que entendemos que o Concello está dando cumprimento pero que cumpre que tamén desde as institucións locais, lle digamos o Parlamento Galego e ó Novo Goberno que as normas son para cumplirlas e eu creo que todo ese traballo, a veces moi calado que se fixo durante todos os anos para conseguir ese consenso non se pode romper por uns compromisos electorais que ten o novo Goberno, cunha entidade que serviu como bastión e como látigo na campaña electoral refirome a esa Asociación denominada Galicia Bilingüe, e o final tampouco defende a unha Galicia bilingüe, se defenderá unha Galicia bilingüe defendería os mesmos dereitos para o galego e para o castelan, e estamos vendo que so defende os dereitos para o castelan, ese é contido da moción e pedimos que o igual que como se aprobou noutros Concellos se lles de o voto favorable.

Toma a palabra o Portavoz de NAL Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando que máis que nada quere explicar a súa posición de voto, si bien é verdade que no fondo, do exposto agora polo Portavoz do BNG e proponente da Moción, toda a lexislación aplicable en torno o uso do idioma en canto á Constitución, á Lei do 83 de Normalización Lingüística, Estatuto de Autonomía, a Carta Europea, o Plan Xeral do uso da Lingua aprobado no 2004, con consenso



por unanimidade de todos os grupos da Camara Galega, pero se lle olvida ou non o quere mencionar o fondo da cuestión que é, o novo Decreto 124/2007, no que se regula o uso e utilización do galego no ensino, ese foi o detonante, este non tuvo o apoio suficiente nin a unanimidade dos grupos parlamentarias, e a raíz de hai se derivou nalguns sectores implicados no tema, chameše esa asociación de Galicia Bilingüe, o mesmo partido político que o leva no programa que gañou as eleccións polo tanto esta lexitimado para xestionar este tema, creo que na miña opinión utilizar a lingua como arma política para enfrentar ós galegos, eu creo que ese non é o camiño. As propostas que se están a escotiar de momento non as temos, se designau unha persoa responsable para tratar de consensuar na medida do posible a todas as forzas representativas en canto a este tema, eu creo que o Decreto o que ven a dicir no fondo é a imposición en algunas asignaturas da aplicación ou imposición do galego, e hai esta a controversia básica porque non se esta de acordo nesa tema, polo tanto, creo a as propostas que se están facendo por alguns sectores tampouco van tan descaminadas, no centro esta o equilibrio, entendo que se teran que sentar todos os afectados e procurar chegar a un consenso, eso é o que está dicindo o Presidente da Xunta, que quere quitar este tema cun consenso suficiente, e eu creo que esa é a liña que debemos de seguir na miña opinión, este Decreto que se aprobou no 2007 non foi co consenso do 2004, e hai radica todo o problema, da controversia da utilización do idioma, concretamente no sistema educativo, eso é o que se debate, de nada vale, confrontar, imponer, creo que a liberdade dun pai a elexir o idioma en que debe estudiar o seu fillo tampouco é moi desencaminada, eso é para discutir os técnicos, como se debe aplicar eso, aquí non se tratar de perseguir o uso do Galego, tanto a Constitución, como o Estatuto de Autonomía e a Lei do 83 e a do 2004 non falan de perseguir o galego senón da sua promoción, e da convivencia dos dous idiomas que é como debe de ser, hai que darlle tempo ó tempo, hai que ver as directrices do novo Goberno, se se chega a un consenso onde todo o mundo este más ou menos de acordó, e acabar dunha vez co tema da lingua para enfrentarnos os galegos, ten que prevalecer a liberdade, o pai que queira poida elixir o idioma no que se formen os seus fillos, esa liberdade non se pode quitar, a miña opinión e darlle tempo e en función de eso actuar, creo que Moción é moi pricipitada, vamos a darlle confianza o Goberno da Xunta e a ver se chega o consenso, polo tanto o meu voto vai a ser negativo á Moción.

Toma a palabra o portavoz do Partido Popular Sr. D. José Manuel Cendán Fernández, manifestando que nos en principio vamos a empezar a explicar cal foi o motivo e o detonante, desta moción e o debate do tema da lingua, creemos que esto comenza coa imposición e o Decreto que tivo o goberno bipartito tragar, polo partido minoritario do goberno, que así o recoñeceu o Sr. Touriño na fase final do seu mandatado, e nos creemos que a lingua Galega e a nosa sinal de identidade, que non debemos perde-la neso coincidos co Bloque, pero o que non podemos facer e unha confrontación entre duas linguas, e ademais nunha Comunidade Autónoma que temos un idioma oficial como é o Galego pero que temos duas linguas e a



xente as utiliza e debemos de ser reaias á situación de Galicia neste momento, e unha postura que é a imposición e hai outra postura que é a do Partido Popular que é a da liberdade, cada un que se exprese na lingua que queira. Entendemos que a lingua galega hai que promocionala pois é a nosa sinal de identidade, e que non podemos facer desto unha batalla electoral, nos creemos que os que teñen que dicir a parte dos políticos é a gran maioría da cidadanía galega, quen ten que escoller a súa identidade e o que quere para os seus fillos, esto foi o que motivou que o Partido Popular levase esto no seu programa electoral, un compromiso de que os país elixan con queren que os seus fillos podan estudiar, e levar esto a un debate político cando xa hai un compromiso, creo que as imposicións non son boas, o que temos que facer e chegar a un acordo e o que ten que imperar en primeiro lugar é a liberdade, que nos dous idiomas o galego e o castelan cadan se expresa libremente no que quere, e eso é o que nos vamos a defender, e o que vamos a levar a cabo nos próximos meses o compromiso de que os país elixan libremente o idioma en que se lle impartan as clases os seus fillos, entedemos que vamos a seguir defendendo e promocionando o galego, posto que é a nosa sinal propia de identidade, e creo que eso non vai a restar nin capacidade, creo que se pode ver nos últimos anos coa imposición do galego no sector educativo, tanta imposición o que fai é un rechazo, ese tema temos que levalo con cariño, e que a xente estudio o galego e se defenda en galego, creo que se o impoñemos estamos facendo un dano grande ó galego, e eso non e bó, o sentir do 80 ou 90% da poboación galega é expresarse libremente en calquera das duas linguas, debemos seguir promocionando o galego, pero non impoñendo, estamos nunha Democracia e debemos pensar que a xente quere liberdade. Nos no único que coincidimos coa Moción do BNG e na promoción do idioma pero o que non estamos de acordo e coa imposición como se ven facendo no famoso Decreto.

O Sr. Rodríguez Doval, manifesta que aquí non se lle está dicindo a ninguen na lingua na que ten que falar, eu creo que respetei a casi todo o mundo, na lingua na que fala, se está falando de cal é a función das institucións e dos poderes públicos no cumprimento da Lei, eu simplemente queria recordar o portavoz do Grupo Popular o que dí a lei, "a Constitución o Estatuto de Autonomía e a Lei de Normalización, a Constitución establece no seu punto 1 que o Castelan é a lingua oficial do Estado, no seu punto 2 que as demáis linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades Autonomas de conformidade co establecido nos seus Estatutos, e sinala que lingua e un patrimonio cultural que será obxecto de especial respeito e protección, o Estatuto de Autonomía no seu artigo 5 define o Galego como lingua propia de Galicia, que os idiomas galego e castelan son oficiais e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos", o mesmo tempo establece o Estatuto de Autonomía, que os poderes públicos, potenciaran o uso do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa que disporan dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento. E a lei do ano 83 aprobada por unanimidade, cando gobernaba o Partido Popular di que de conformidade coas disposicións vixentes, garante a igualdade do galego e do castelan como linguas oficiais, e asegura a normalización do galego en todos os eidos da sociedade, o artigo 14 desta lei indica que ó remate do ensino obligatorio, se garantirá a igualdade de



competencia lingüística nos dous idiomas, quen impoñía daquela era non era o PSOE nin o BNG, era o Parlamento e estaba gobernado polo Partido Popular, daquela tamén impoñían vostedes, que máis que unha imposición é esto, nesta mesma liña e desde unha perspectiva más global tamén se pronuncia a carta europea das linguas rexionais e menoriazadas de 1992. No Plan aprobado no 2004 cando gobernaba o Partido Popular “por unanimidade” se di: O sistema proposto amplia as porcentaxes mínimas en ensino primaria e secundario nos ciclos formativos do 25 ó 50%, no debate que estamos tendo agora, e prioriza que se impartan en galego as materias científico-técnicas, en preescolar presentase un modelo doble que iría do 30% das horas de convivencia nas zonas castelan falantes, ata un 100% nas zonas galego falantes, así a todo o ensino para adultos realizarase íntegramente en galego, como impoñían vostedes no ano 2004, claro que non había imposición, voulle a leer unha nota para que vostede se de conta cando o Partido Popular cambia o chip na defensa do galego, nota de prensa do 15 de outubro de 2008; Unión Progreso e Democracia, a rechazado o Plan de Normalización Lingüística que defende o Presidente do Partido Popular Alberto Núñez Feijoo, “aunque non sorprende que o P.P. apoie o Plan que aprobou cos seus votos, resulta cínico que a vez se desmarquen da Política de imposicións que emana deste plan, no que por exemplo no seu preámbulo se sostén que o Galego debe ser lingua de uso normal e preferente en Galicia, non o dí o BNG o dí Unión Progreso e Democracia, que está un pouco máis a dereita do Partido Popular, seguramente o Sr. Feijoo apoia tamén obxectivos expresados na proposición non de lei como asegurar a galeguización de todos os nives do ámbito de educativo, tanto no ámbito docente como nas relacións interpersoais, e fomentar entre a mocidade os valores funcionais da lingua galega, Unión Progreso e Democracia carga contra o P.P de G e seu líder por apoiar as políticas galeguizadoras en cuio desenrolo se afana o gobernó bipartito, o partido liderado por Rosa Diez defende o Dereito a Liberdade de uso das duas linguas oficiais de Galicia en todos os ámbitos sen imposición e o fomento de ningúnhā delas en detrimento doutras, son os cidadáns e non as linguas os titulares deses dereitos e libertades puntualizan. Creo que vostedes non se cambiaron áinda de partido pero é bastante evidente, que en precampaña e en campaña electoral, vostedes tiñan moito medo que polo tema do idioma se lles fora un flanco electoral e vostedes crearon a grande mentira, que se imponía o galego, cando a verdade é que se estaba aplicando a lei que vostedes aprobaran, e ademáis a segunda grande mentira que o problema, é que o idioma que tiña problemas neste país era o español, cando eu descoñezo ningún caso cando en ninguhna administración pública houbera problemas de que ninguen se poidera expresar nos dous idiomas, e vostedes deberían de saber que a lei de Normalización Lingüística e o Estatuto de Autonomía fixo ou se utilizou como unha figura protecciónista a favor do galego, é precisamente porque científicamente está demostrado que o problema que tendía a desaparición que perdia utilizantes, que perde usos neste caso mellor dito, non é precisamente o castelán, o castelán non ten ningún tipo de problema, é un idioma protexida nada máis e nada menos pola Constitución, e protexido por que é utilizado, vostede non me pode dicir no ámbito de Ares, no ámbito comarcal ou no ámbito provincial, no ámbito galego, que en calquer institución en calquer organismo en calquera comercio ten a mesma



posibilidade de utilizar os dous idiomas, vostede sabe perfectamente que hai un idioma que abarca o 80% e a ninguen se lle prohíbe que utilice o castelan. Os poderes públicos teñen unha función clarísima de defensa e promoción dunha das linguas, porque, pois porque é a corre perigo, a lingua non é dos nacionalistas, a lingua é do pobo é da xente, hai un problema e vostede o sabe, porque senón non habería Lei de Normalización Lingüística, se as dúas linguas convivirán en igualdade de condicións sen ningún tipo de problema, loxicamente e afortunadamente non sería necesario tomar medidas que fomentaran máis a defensa dunha delas, e finalmente vou a recordarlle unha cousa, hai que ter moito coidado en utilizar con intereses políticos argumentos que son de carácter científico, porque fixense vostedes o que están dicindo, que os país elixan a lingua que queren para os seus fillos, mire todos os sistemas educativos son imposicións, vostede debería de sabelo, ós nosos fillos lles impoñen matemáticas, lles impoñen idiomas, lles impoñen os libros, fixese vostede que poidera estudiar á carta, e cuestionar as leis más básicas das matemáticas ou das ciencias, pois afortunadamente eso non é así, o idioma e unha asignatura non é un xogo que fan os rapaces, que nunha hora que non teñen que facer nada os metemos nunha aula e lles ensinamos a falar un idioma, tanto no galego como noutras linguas; polo tanto o que están vostedes plantexando desde o punto de vista científico non ten ningún tipo de defensa, porque non é así, porque está avalado por científicos e lingüistas de todo o mundo, porque o saben, porque o teñen estudiado este problema, e está avalado polos poderes públicos, dos cales vostedes ostentaron a presidencia, e ostentaron o goberno durante moitos anos, nada más e nada menos que dezaseis anos, nesta Autonomía decidiron que había que promover o galego, porque entendían loxicamente que era o que había que defender e coidar moitísimo más porque era o que tiña problemas, o castelan afornudamente non ten ese tipo de problemas. Nos non pretendemos que aquí se adopte un acordo que lle impoña nada a ninguen, senón que se garantice o cumprimento da Lei, e que as conquistas sociais que se tomaron no seu momento non retrocedan, e sobre todo aquelas que foron o froito de moitísimo debate de moitas concesións, porque vostedes deberían saber que tanto a lei do 83 como o Plan do ano 2004 foron obxecto de debate durante moitos anos, onde participaron lingüistas, técnicos especialista, se o resultado de todo eso que deu lugar a unha convivencia con problemas, e con imposicións que temos cada un denos, pero defendemos e pedimos que se cumpla a Lei, nese sentido creemos que o que vostedes están propoñendo e que se incumpla a Lei, que se incumpla a Constitución que se incumpla o Estatuto de Autonomía e que se incumpla o Plan de Normalización aprobado polo Parlamento Galego, eu creo que seria ben que reflexionasen, as eleccións xa pasaron os compromisos electorais xa pasaron, e debe de estar por encima a racionalidade e sobre todo non desandar o tortuoso camiño que levou moitos anos andar.

Toma a palabra o Sr. Portavoz do P.P. Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que lle vai a respostar brevemente, e decirle que nos vamos a seguir promocionando o galego, e todo o que acabar leer vostede das leis e acordos que se tomaron con respecto ó galego, en



todo eso coincidimos, nos non estamos de acordo coa imposición do Decreto, pero non so nos senón tamén o Partido Socialista que tivo que tragiar, nos manifestos que fixo o ex Presidente da Xunta, e onde se levantou a alarma foi no decreto, non en ningunha outra cousa, e nos vamos a seguir defendendo o galego, como o viñemos defendendo durante os anos que nos tocou estar no goberno, e lle vou a dicir, acaba de tomar unhas medidas a Xunta de Galicia, un Decreto para as oposicións de médicos, abogados, arquitectos, para que nas oposición a Xunta de Galicia estes técnicos, que o que teñen que saber é medicina, arquitectura e dereito, faigan o exame no idioma que queiran, porque o que prevalece, é a profesionalidade que teñen sobre esto non o idioma, esa medida xa se tomou, van a facer o exame no idioma que queiran, e co resto debo dicir que o que se estaba a facer era importar un nacionalismo doutras partes de España hacia Galicia, e era copiar de Cataluña e traelo aquí, e agora mismo co tema do Comercio a Consellería de Industria a levaba o BNG, ata multar por rotular en castelan, coa lei do comercio, e esto é o que están promovendo vostedes, e esta pasando en Cataluña un feito insólito que non pode haber ningún colexió en español, é unha vergoña, queres escolarizar un neno en Cataluña para que aprenda español e non existe, en cambio existe en Europa existe en America e ata existe en China, pero en Cataluña non, esto é o que están vostedes facendo aquí, queren trasladar o nacionalismo catalán aquí, o malo, aquí en Galicia sempre convivimos cos dous idiomas, e cada un que fale o que lle de a gana, imposicións non, e eso na lei do comercio o pode ver vostede, o que rotule en castelan multa, cada un que rotule como lle de a gana, cada un que fale como lle de a gana, e o vimos facendo, é o oitenta ou o noventa por cen da poboación galega, vamos a seguir defendendo o galego, pero agora imposicións non, eso que lle quede claro, desde o noso partido vamos a defender e vamos a promocionar o galego como o viñemos facendo sempre, estamos nun país democrático e cada un que exerza a liberdade, que se dirixa como queira e que rotule como lle de a gana, non queremos trasportar un nacionalismo, nos vamos a seguir defendendo os dous idiomas e cada un que fale o que lle de a gana.

Acto seguinte sometese a votación a Moción e o Pleno da Corporación por 7 votos a favor (2 BNG e 5 PSdeG-PSOE) e 6 votos en contra (5 P.P. e 1 NAL), acorda prestar-lle a súa aprobación a Moción do BNG anteriormente transcrita.

Seguidamente e antes de entrar no turno de rogos e preguntas, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntase ós Voceiros dos Grupos se por razóns de urxencia, teñen algunha Moción para ser sometida á consideración do Concello Pleno, non presentase Moción algunha.

**Punto núm. 8.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Toma a palabra o Sr. Rodríguez Doval, e formula o seguinte rogo: que para levar o control e seguimento de todas as actuaciones que se están a levar en materia da rede viaria municipal, que ó marxe daquelas que teñan que facerse por urxencia, nos o que pedimos e que traslade á Comisión correspondente e que se elabore un planing de cómo se vai a acometer este traballo, tanto aquel que vamos a afrontar nos do diñeiro dos orzamentos,



como aquel que corresponda a inclusión de obras de reparación da rede municipal en Planes doutras administración, refirome en concreto a inclusión que se fixo no Plan anticrisis da Deputación que é unha actuación que nos pensamos que vai a complementar, en todo caso de levar un control de cales son as obras, como se prioriza e como se vai executando para que nos permita ó final de ano cando teñamos que facer un balance e ver se nos queda algo por executar que seguramente quedará para unha segunda actuación no ano 2010, saibamos realmente se afrontamos as prioridades e como se vai a facer, seguimento que se de conta de todos os proxectos que se van incluíndo nos diferentes planes, e así teñamos todos coñecemento do que se vai a facer.

O Sr. Luis Cendán Fernández, di que antes de entrar no Pleno un veciño da Malata lle solicitou información acerca do cambio de calificación urbanística dunhas parcelas a forestal, e quería pregunta como está este tema, posto que ó parecer e según de denuncias dos veciños a uns se lles aplica a normativa dunha maneira e a outros de forma distinta.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, manifesta que en primeiro lugar quere deixar claro e constancia do tema do Pleno que se empezou o Pleno sen contar con nos, lle vou a dicir unha cousa, na última Comisión esta de testigo a Concelleira do BNG tivemos que esperar cerca dun cuarto de hora por vostede, a última que foi a Comisión de Portavoces, que estaba para as doce e media e empezou sobre a unha, eso quero deixalo claro, e creo que eso viu por un calenton que tivo vostede, ten que tranquilizarse posto que o que incumple maioritariamente no tema do horario é vostede, eso me parece lamentable cando vostede ven infrinxindo esto durante os dous anos que leva como Alcalde, e creo que desde o noso grupo nunca se lle votou en cara nada polo tema do horario, pero a partir de agora, desde o momento que vostede teña convocada unha Comisión e vostede non este presente á hora prevista, o Secretario da Comisión vai tomar conta que nos estamos na Comisión pero que ó non estar vostede presente nos vamos a ausentar, vamos a facer eso, nos vámonos a presentar á hora e no momento que vostede non aparece nos vamos a ausentar.

No tema do Camiño de Pedrós, hai varias arquetas que están rotas, e é un perigo para a xente que pasa por alí, haber se hai maneira de amañalas.

Con respecto ás praias, e en concreto a Praia de Redes, co tema do temporal hai moitas ramas, e agora que ven o bo tempo espermos que se tomen medidas.



## CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

Aprobamos unha ordenanza sobre actos bandalicos, e queríamos saber se a día de hoxe existe algún expediente sancionador sobre esta materia.

Con respecto ó portavoz de NAL que fixo unha pregunta sobre unha persoa, eu fun hai antonte in situ, se lle mandou unha resolución para o corte dunha finca, eu estiven alí e me parece lamentable, ten a herba a 40 cms., pero o que sí hai unhas fincas arredor que están sen cortar e non se lles mandou, estas actuaciones hai que facelas de modo xeral, e non soamente contra un veciño e contra outros non, eu creo que si se fai hai que facelo ben, este ten 40 cms. De herba e áinda esta verde e outros con toxos de 2 metros e non se lles fai nada. Hai que ir alí in situ como eu o fixen, e se hai que mandarles un escritos a todos os veciños que se lles mande. Dicir que desde que temos o tractor todo o mundo abandona os cortes. Nos vamos a seguir defendendo que por parte do Concello se quite un bando para que se proceda ó corte das fincas e se fagan resolucións de tipo xeral, que a xente ten que ter conciencia de que as propiedades hai que telas limpas.

Resposta o Sr. Alcalde, que con referencia a reparación de viais estamos cunha reparación urgente en Cervás, toda a rede viaria de Cervás estaba moi mal, e estamos nun primer momento actuando no núcleo de Cervás, temos actuacións pendentes en Chanteiro, Monteiro esta moi mal, en Seselle e Barracido tamén había actuacións similares, estamos dalgunha maneira determinando a orde de actuación, empezouse en Cervás porque é onde está o maior nucleo de poboación e os viais estaban más deteriorados, e agora a Comisión levaremos o resto dos viais onde se vai a actuar.

O tema que plantexa NAL e o que se refire o Partido Popular, e pola aplicación da famosa Lei que regula a plantación de arbores, esa lei en Galicia xenera uns problemas moi complicados e se engadimos problemas veciñais o tema agravase moitísimo máis, hai estamos falando duns veciños que se están denunciando recíprocamente a través do SEPRONA e da Xunta de Galicia, a Xunta de Galicia cando lle chega un expediente de denuncia dicta unha resolución e lle envía ó Concello de Ares, unha notificación onde se lle indica que tomen unhas medidas adecuadas para manter a limpeza da finca, a nos cando nos chega esta da Xunta ó facemos, se lles da traslado á Policia Local e esta emite o correspondente informe a vista do cal se toman as medidas oportunas. A xente cando lles chega a notificación da Xunta de Galicia sole limpar, pero neste caso estamos diante dun problema entre dous veciños.

O Pleno non comenzou porque houbera un retraso, porque aquí se espera por todo o mundo, o Pleno comenza porque eu nos últimos Plenos teño que chamar por teléfono concretamente ó responsable do Partido Popular, chamo un día, chamo outro e vostede nunca me chama a mí para decirme que se retrasa, si vostede me chama e me di que se retrasa,



# CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

esperamos, o que non podo é estar chamando eu, e o público e o resto dos Concelleiros me teñen visto entrar e non velos e sair a chamarlos, e hoxe decidin non chamarlos, porque vostede me pode chamar e decirme que se retrasa, eu non son seu secretario, unha vez si, duas veces si, tres veces si, catro veces si, están todos de testigos de que te chamo Manuel, hoxe me cansei. Eu entro nas comisións e se vexo que non están todos me ausento e sigo traballando porque teño cousas que facer, cando están todos me sento. Cando eu me retraso teño un Concelleiro meu que di que me vou a retrasar non faltan todos.

En canto o tema das arquetas no Camiño de Pedrós, iremos a mirar se existe algún problema con elas.


Con referencia a baixado o Camping de Seselle, se actuou sobre o público.

En canto o tema do vandalismo apareceron unhas pintadas, unha delas efectivamente no propio barco que ornamenta a entrada no Concello, nun depósito de vidro, e nas paredes dunhas promocións, se fixeron as averiguacións pertinentes e os autores se lles apercibiu verbalmente de que o limpaban o se lles impoñían as sancións correspondentes, foron nunha noite e limparon, non o fixeron no edificio de COINASA e no limpiaron o do outro edificio porque non lles saleu con disolvente na parede, son edificios que ainda non terminaron, eu falei cos promotores e dixeron que xa pintarían eles que lles daba igual, con referencia os danos no público, os rapaces foron unha noite e limparon todas as pintadas, se desplazaron incluso a Franza, en canto foron identificados asumiron a sua responsabilidade e limparon todo polo que entendo que non debería imponerselle sanción algúna.

E non tendo más asuntos para tratar e sendo as trece horas e un minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,



**CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)**

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E